

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE (CARIÑO)  
CURSO: 2º DE PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS  
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso, ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>B1.1.</b> Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións e adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	<b>PLEB1.1.</b> Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
<b>B2.1.</b> Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).	<b>PLEB2.1.</b> Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
<b>B3.1.</b> Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.	<b>PLEB3.1.</b> Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
<b>B4.1.</b> Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	<b>PLEB4.1.</b> Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
<b>B5.1.</b> Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	<b>PLEB5.1.</b> Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> Os procedementos de avaliación estarán en función da metodoloxía empregada no 3º trimestre, pero seguirá baseándose nunha avaliación continua e formativa. O alumno/a non se verá prexudicado por esta avaliación e pola circunstancia excepcional en que se aplica.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Observación do rexistro de participación.</li><li>- Rúbrica para a análise das producións escritas e orais enviadas polo alumnado.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final do alumno/a estará baseada nas aprendizaxes levadas a cabo no 1º e 2º trimestres do curso actual, ademais de polas actividades de repaso e reforzo desenvolvidas no 3º trimestre (sempre e cando o alumno/a se vexa beneficiado).</p> <p>A cualificación final, polo tanto, tomará como base a obtida no 2º trimestre, que se poderá ver incrementada en <u>1 punto</u> aplicando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Participación nas diferentes actividades.</li><li>- Entrega de como mínimo o 50% das tarefas e actividades propostas.</li><li>-Análise das producións escritas e orais enviadas polo alumnado.</li></ul>
<b>Avaliación de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b> Serán os mesmos que os indicados nesta programación con carácter xeral, apoiándose en tarefas propostas de repaso e recuperación, valorando especialmente a actitude, esforzo e realización das mesmas.</p> <p><b>Criterios de cualificación:</b> Serán os mesmos que os xa indicados con carácter xeral.</p> <p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> Observación do rexistro de participación na Aula Virtual. Análise das producións artísticas enviadas polo alumnado.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<b>Actividades</b>	As actividades serán de repaso, reforzo e consolidación dos contidos traballados nos anteriores trimestres. Traballaremos sobre todo con cancións, contos, xogos interactivos, fichas de traballo interactivas, presentacións dixitais e tamén cos libros de texto.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Aproveitaremos as circunstancias para traballar a Lingua Estranxeira de dúas maneiras: por unha banda, empregando a Aula Virtual, experimentando por tanto con xogos e outras actividades interactivas, cancións, contos, presentacións, vídeos, etc. E por outra banda, empregando os libros de texto e outros materiais impresos cando sexa necesario.
<b>Materiais e recursos</b>	Faremos uso da Aula Virtual, empregando tamén outros recursos dixitais libres dispoñibles. Tamén traballaremos cos libros de texto.

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado será informado das actividades a realizar e doutras cuestións relativas a elas a través da Aula Virtual. Para o alumnado que teña dificultade para conectarse por falta de medios, será informado a través de AbalarMóbil ou correo electrónico. As familias serán informadas a través de AbalarMóbil, correo electrónico e a través da web do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.